

HISTORIA DE ESPAÑA

ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto que teña por asunto central a vida política durante o reinado de Isabel II. Enfrontado desde os seus inicios á pretensión carlista, os principais protagonistas do xogo político foron os progresistas (Doc. 1) e os moderados (Doc. 2), con claro predominio dos segundos. A aparición e desenvolvemento doutras forzas políticas opositoras ao réxime, rematarían propiciando a caída da raíña por medio dun pronunciamento militar, recurso frecuentemente utilizado para promover cambios de goberno (Doc. 3). Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes referirte a elas na túa redacción.

DOC. 1. Preámbulo da Constitución de 1837.

“Sendo a vontade da Nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz a deza-nove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes xerais, congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución.”

DOC.2. Preámbulo da Constitución de 1845.

“Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede:

Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos foros e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando para o efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos [...] en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española.”

DOC.3. Comentario sobre o intervencionismo militar na vida política

“As queixas contra a preponderancia militar datan de moito tempo: hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas a outras polos estados de sitio. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles aos progresistas repetir os mesmos cargos que logo reproduciron os moderados ata 1843; dende o pronunciamento de xuño do dito ano quéixanse outra vez os progresistas (...). O poder militar é forte porque o civil é fraco, non tanto se debe pensar en abater aquel como en fortalecer este; a forza do poder civil será a ruína do militar, que deixará de ser poder e pasará a ser unha clase como as demais do Estado ...”.

El pensamiento de la nación, 18 de marzo de 1846.